

ANTONIO REIGOSA INVESTIGADOR DA LITERATURA DE TRADICIÓN ORAL

► O labor de Antonio Reigosa a prol da cultura popular é incesante. Foi membro do grupo de investigación 'Chaira' e fixo innumerables traballos de campo na provincia. É creador da web Galicia Encantada e participa en xornadas de divulgación para salvagardar a tradición oral.

«Recollemos máis dun milleiro de lendas da Terra Chá»

POR: VANESA BRAN BRAN

CONSERVAR a literatura de tradición oral galega é unha das súas ambicións. Reigosa reconece que dende sempre se sentiu atraído pola cultura inmaterial. Foi coordinador de revistas orais, escritor, membro do grupo de investigación etnográfica 'Chaira' e creador da enciclopedia de fantasía popular Galicia Encantada. Recibiu infinidade de premios polos seus traballos. Actualmente é o responsable de Xestión Cultural no Museo Provincial de Lugo. Asegura que, aínda que naceu en Mondoñedo, sempre estivo moi vinculada coa comarca chairrega, onde recentemente participou nunha xornada divulgativa.

Cando comezou o seu interese pola tradición oral?

A tradición oral interesoume dende sempre. Pero quizais foi no ano 1982, traballando no Museo Provincial, cando me dei conta de que había un patrimonio inmaterial máis aló do físico que estaba en perigo de extinción.

Que zona de Galicia é máis rica en patrimonio narrativo?

Non hai unha zona en concreto

máis rica que outra, alí onde se fan traballos de recompilación sempre se descobre riqueza narrativa. Por tanto, hai moito que facer, pois alí onde se recompila aflora o patrimonio e se non hai máis é porque non se busca. Falando desta carencia hai, por exemplo, moi poucos traballos vinculados co mundo do mar.

Na zona da Terra Chá formouse no ano 1992 o grupo de investigación etnográfica 'Chaira'. Con que finalidade se creou?

O grupo naceu porque queriamos facer un inventario completo para compilar toda a tradición literaria da comarca chairrega. Con esta finalidade propuxemos o proxecto que naceu grazas a unha subvención da Xunta de Galicia. Durante catro anos recollemos exhaustivamente un montón de lendas, contos e romances da zona que foron moi útiles para traballos posteriores. Porén, non puidemos completar o traballo pola falta de financiamento e axudas.

É fundamental a labor de grupos deste tipo para conservar a cultura oral galega?

Os investigadores somos como os

catalogadores de biblioteca ou os arqueólogos, que arquivan e sacan á luz elementos de gran valor. O mesmo acontece co patrimonio inmaterial, que unicamente se transmite por tradición oral e non hai nada físico que o conteña. Para iso é fundamental realizar un traballo regular e constante para conservalo e intentar que non se perda.

Cantas parroquias estudaron en profundidade en 'Chaira'?

O certo é que estudamos bastantes, unhas 60 ou 70. Recompilamos por completo as lendas dos municipios de Begonte, Abadín e Vilalba. Consequimos xuntar máis dun milleiro de fichas nas que se recolleron todo tipo de transmisións de tradición oral.

Cal é a súa vinculación persoal coa Terra Chá?

Pois a verdade é que teño unha vinculación moi estreita coa comarca chairrega. En primeiro lugar nacín en Mondoñedo, que está moi preto desta zona. Ademais teño familia en Abadín e sendo rapaz fun a Muimenta á sala de festas, paseaba por Vilalba... A miña vinculación coa Terra Chá

De preto

«O meu personaxe de conto favorito é o raposo, pola súa astucia»

Cantos contos sabe?

Pois coido que bastantes. Ao mellor non sei contalos todos de memoria, pero cando escoito unha historia no 80% dos casos sei de que vai o seu argumento.

Cal é o seu libro favorito?

'Pedro Páramo', de Juan Rulfo. Gústame, porque aínda que está ambientado en México, trata dos mortos e das ánimas e seméllase moito á nosa tradición da Santa Compañía.

Un personaxe de conto.

O raposo é o meu personaxe favorito sen ningunha dúbida, pola súa astucia. Ademais, é a personificación dalguén moi espabilado que sempre sae airoso dos conflitos. Transmítelles aos nenos que non basta con ser obedientes na vida, hai que ser tamén algo 'listillos'.

Heroe ou vilán?

Na realidade non me fiaría dos heroes, pero na ficción quedome con eles. Nos contos os heroes teñen sentido porque son aqueles capaces de sobrevivir a todo pola conexión que teñen co mundo máxico.

Que adoita facer no tempo libre?

O certo é que non teño moito tempo libre, pero o pouco que teño gústame estar ocupado facendo cousas. Ler, pasear, meter contidos na web...

Unha zona para desconectar

Onde nacín, Mondoñedo.



Antonio Reigosa. PEPETEJERO

Fantasia

Os contos son necesarios, pois serven para alimentar e manter viva a nosa capacidade para fantasear»

foi dende sempre moi persoal. **Indíquenos un conto ou lenda desta zona que lle chamara especialmente a atención.**

É moi difícil escoller un só, pero recordo con especial agarimo un relato sobre un diaño coxo que

GUÍA DE SERVICIOS MÉDICOS DE A CHAIRA

Fisioterapia Rábade
Ana Fernández Rodríguez
Fisioterapeuta
avda Villaba 98 baixo A
Rábade- Lugo 27390
982390893
fisioterapiarabade@hotmail.com

Fisioterapia villalba
Mónica Souto Cillero
(col. nº 755)
fisiovillalba@hotmail.com
Avda. Terra Chá, nº 62-Entlo.
"Campo da feira" Vilalba (Lugo)
TEL./FAX: 982 511 572

GINECÓLOGA
DRA. SALOMÉ BREA RILO
CITA PREVIA
SEGUROS PRIVADOS:
ADESLAS, CASER, DKV,
ASISA, AXA, AZKARAN...
CENTRO MÉDICO TERRA CHÁ,
AVDA. TERRA CHÁ 64, VILALBA
TEL. 982 523 483

ENCINA MUINELO S.L.
CLÍNICA DENTAL
Plaza García Abad, 3 - baixo - 27260
Castro Ribeiras de Lea - Lugo
Telf. 982 310 355

DENTAL FERRADÁS & SOBRADO
Clínicas Dentales
Sobrado
Nº Reg. Sanitario C-27000773
Dr. Juan Muínelo Lorenzo
Odontología General / Col. 1115
Dr. Ramón Soñán López
Cirugía e Implantes / Col 1044
Dra. Iria Iglesia Rodríguez
Ortodoncia / Col. 1114
Natividad Ramón Pájaro
Higienista Dental
María Isabel Leiras Riveira
Auxiliar de Clínica
José Sobrado Correa
Protésico Dental
Avda. Galicia, 34-36, entresuelo | 27800
Vilalba | LUGO | T. 982 523 904
Avda. Galicia, 66 - 1ª izda. (Edificio de Correos)
27100 | A Fonsagrada | LUGO | T. 982 350 127
Rosalia de Castro, 63-baixo | 27120
Castroverde | LUGO | T. 982 313 018



Transmisión

Os nosos maiores son fundamentais para que perviva a tradición oral, pola súa experiencia e o valor da súa memoria»

nos contaron en Abadín ou un conto dun carteiro que falaba dun personaxe moi curioso neste mesmo municipio.

Recentemente participou na xornada 'Mitos e monstros da Terra Chá'. Este tipo de actividades son

fundamentais para seguir difundindo a tradición?

Por suposto, o noso principal traballo é dar a coñecer todo o que recompilamos para evitar que se perda. Participamos nestas actividades porque son fundamentais

para divulgar este patrimonio que conseguimos ao longo dos anos. Queremos que se saiba que existiu e pretendemos contribuir a poñer en valor todo isto. O certo é que cada vez somos menos capaces de interpretalo e estase perdendo, por iso temos que darnos conta de que formamos parte dunha cultura universal moi antiga, e na maioría dos casos ignoramos o gran valor que ten.

Supoño que a xente maior é unha peza clave para esta finalidade.

Os nosos maiores son fundamentais para que perviva esta tradición. Teñen unha enorme experiencia, adquirida co paso dos anos, e unha memoria moi valiosa. Ademais, gozan da ventaxa de que non sufriron a influencia das novas tecnoloxías. Agora xa case sería imposible recoller esta tradición oral porque a xente conta o que escoitou pola televisión e non o que lle transmitiron. Recordo, por exemplo, o caso de Elva Requeijo, da parroquia de Labradas (en Abadín), que tiña un repertorio tan amplo que nos deixou asombrados. Nun par de horas chegou a contarnos máis de 50 relatos.

Para que naceron os contos? Asustar, entreter...

(Risas) Levamos séculos intentado atoparlle unha resposta a esta cuestión. O que está claro é que os contos son necesarios, pois serven para alimentar e manter viva a nosa capacidade para fantasear.

Segundo con esta labor de conservación, é tamén creador e coordinador de Galicia Encantada. Que papel cre que internet ten na recompilación de textos orais?

Os meus case dez anos de experiencia en Galicia Encantada permítenme afirmar que, efectivamente, internet é unha boa oportunidade para esta recompilación de textos orais polas posibilidades que ofrece de interacción —con camiños de ida e volta— que permiten intercambiar coñecementos e compartilos cos demais. Eu sempre considereirei que si se explotara ben, internet sería unha

grande aliada para transmitir a oralidade.

En Galicia Encantada é fundamental a interacción cos usuarios, que poden enviar lendas e contos.

Os usuarios son unha peza clave en Galicia Encantada, pois enriquecen ao máximo os contidos e conforman cos seus relatos a enciclopedia. Ademais, moita xente que vive en lugares alonxados envíanos lendas que teñen moito valor e que se non fose por este soporte quizais se perderían. Por outro lado, moita desta xente é emigrante grazas á enciclopedia poden seguir en contacto coa cultura tradicional galega.

Ademais de investigador, divulgador, incesante escritor e coordinador de múltiples proxectos, na actualidade é responsable de Comunicación e Xestión Cultural na Rede Museística de Lugo. Resultalle sinxelo compaxinar todas estas facetas?

Sinxelo non, pero posible si. Todo o que fago entusiásmame, por iso me resulta fácil compaxinar todo, porque desfruto facéndoo.

Está inmerso nalgún outro proxecto hoxe en día?

Agora mesmo estou preparando un libro no que se compila unha selección de textos de Galicia Encantada que sairá a comezos do ano que vén, coincidindo co décimo aniversario da enciclopedia virtual. Ademais, estou ultimando unha mellora estética da web e outros avances, como incrementar o número de colaboradores ou mellorar as interaccións cos usuarios. Como se soe dicir, actualizarse ou morrer. Tamén quero poñer en marcha algunha unidade didáctica dirixida a rapaces na escola para transmitirles a nosa tradición e ensinarlles os numerosos lugares encantados que temos en Galicia.

Por último, quédalle algo por facer a Antonio Reigosa?

Vivir con saúde moitos anos facendo todas as cousas que poida. A vida hai que vivila ao máximo, pois será o que nos levaremos dela.

GUÍA DE SERVICIOS MÉDICOS DE A CHAIRA



Clinica Médica + Psicotécnico



Medicina Xeral
Enfermería
Analíticas de sangue e de augas
Rayos X- Convencional
Panorámicas Dentais
Podólogo
Dentista
Médicos Especialistas

www.clinicasanramon.com
clinicamedicasanramon@hotmail.com
Tel./Fax: 982 512 014 • 665 602 302
Rúa Pintor López Guntín, 5-7 baixo
27800 • Vilalba (LUGO)

Centro Médico



GINECOLOGIA
OFTALMOLOGIA
LOGOPEDIA
DERMATOLOGIA
PODOLOGIA
PSICOLOGIA
OTORRINOLARINGOLOGIA
Seguros privados
Reconocimientos de empresa

Avda. Terra Cha, 64 Telf. 982 52 34 83
VILALBA (Lugo)



Matías García-Anllo Reinoso
oftalmólogo

Telf. 982 51 07 45
Rúa Benxamín Paz, 13 - 1ª A
27800 Vilalba (Lugo)



avda. terra cha 190
Vilalba

clínica dental
Pilar Vázquez

1º visita gratuita
Todas as especialidades

982 88 77 68

Nº de registro sanidade C-27-000799



CLÍNICA DENTAL
Remedios Castelo Millor

ODONTÓLOGA
N.º COL. 854

Rúa de Galicia, 19 Entlo.
Telf. 982 512 514
27800 VILALBA (Lugo)